

TALLERES DE LECER

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
Do 5 ao 22 de xullo de 2022

Este verán, os *Talleres de lecer* serán un observatorio do corpo para os nenos e as nenas.

Exploraremos unha exposición do CGAC por cada franxa de idade, ao longo de catro días cada unha, da man da creadora escénica e escritora Helena Salgueiro. Centrarémonos no corpo e en como este, mediante a arte e a linguaxe, nos axuda a observar e a descubrir cousas acerca de nós mesmos e tamén acerca dos demais.

Estes talleres ofrécenlles aos nenos e ás nenas unha oportunidade única de establecer un contacto directo con profesionais de diferentes ámbitos da cultura e da arte, coñecer algunhas das claves da arte contemporánea, adquirir ferramentas para a creación e gozar experimentando.

Para desenvolver as actividades, aproveitaremos diferentes espazos da arquitectura de Álvaro Siza Vieira e da contorna do CGAC, como as salas de exposición, a cuberta do edificio e os xardíns do parque de Bonaval.

Corpo paisaxe

DO 5 AO 8 DE XULLO

Horario: de 11:00 a 13:00 h

Idade: de 4 a 6 anos

Prazas: 15

Durante unha semana, experimentaremos co concepto de escritura espacial e do corpo como paisaxe, para o que tomaremos como referencia a exposición *Nalgures*, da artista Narelle Jubelin.

Investigaremos como se relaciona o corpo coa arquitectura e co clima, e como se relaciona un corpo individual co corpo colectivo.

Integraremos nocións como a escritura e o debuxo a través do movemento.

Trataremos o propio corpo como unha paisaxe externa e interna (con movementos, emocións, temperaturas, volume, texturas, ciclos, sons e organismos únicos e propios...). Como pode o son da auga facer que me mova de xeito diferente? Se o meu estómago fose un museo, como o deseñaría? Cantos puntos podo sinalar no espazo?

Para todo iso, usaremos referentes como o método de danza Laban, a técnica dos *viewpoints*, o *body weather*, os bosquejos de Leonardo da Vinci, as artes marciais, as partituras de danza, as cartografías e a caligrafía.

Corpo arquivo

DO 12 AO 15 DE XULLO

Horario: de 11:00 a 13:00 h

Idade: de 7 a 8 anos

Prazas: 20

Neste taller, achegarémonos ao concepto de arquivo traducido ao corpo. Partiremos da mostra *O arquivo*, de Raniero Fernández, e preguntaremos: Que xestos arquivamos? Que arqueoloxía persoal temos? Que movementos repetimos máis? Como inflúen o lugar onde vivimos e as tradicións nos nosos movementos? De que xeito a sociedade ou o mundo dos adultos modifican os nosos hábitos corporais? Que xestos herdamos da familia?

INSCRICIÓN

Os talleres son de balde.

As solicitudes de inscrición poderán presentarse desde o 9 de xuño ata o 1 de xullo ás 13:00 h, a través de cgac.educacion@xunta.gal, e deberán conter os seguintes datos: o nome completo e a idade dos nenos e das nenas participantes, un número de teléfono e un enderezo de correo electrónico de contacto, o título do taller no que desexan inscribirse, e o nome e número de DNI das persoas autorizadas para recoller os menores no CGAC unha vez finalizada a actividade.

Poderanse inscribir un máximo de dous participantes por solicitude. O CGAC confirmará mediante unha mensaxe electrónica a recepción e o estado das inscricións.

REALIZACIÓN DO PROXECTO: Helena Salgueiro
COORDINACIÓN: Virginia Villar

O número de prazas dispoñibles para participar nas actividades do CGAC pode variar en función das medidas adoptadas polas autoridades sanitarias fronte á covid-19.

Xogando tamén coa fotografía, o vídeo e o diario, investigaremos o xeito de actuar da nosa anatomía como se dun álbum familiar se tratase. Reflexionaremos sobre a relación do momento presente co pasado e do movemento coa quietude a través do corpo (igual que unha fotografía pode capturar un instante en movemento e quedar inmóbil).

Os contidos do taller estarán vinculados á socioloxía e ao estudo da fotografía de Pierre Bourdieu, aos inicios do cinema, ao zootropo e ás bailarinas Trisha Brown e Farah Saleh.

Corpo museo

DO 19 AO 22 DE XULLO

Horario: de 11:00 a 13:00 h

Idade: de 9 a 11 anos

Prazas: 20

Tomando como referencia a exposición *O museo como escenario* e as obras de Rosana Antolí, Berio Molina e Marta Pazos, neste taller traballaremos arredor dos conceptos das esculturas efémeras, das *tableaux vivants* (pinturas viventes) ou das *One Minute Sculptures* de Erwin Wurm.

Crearemos miniaccións co noso corpo, que trataremos como un material para exhibilo no espazo. Coreografaremos a exposición como se dunha escultura que cobra vida se tratase. Buscaremos novas formas e trataremos de distanciarnos daquilo que somos usando o corpo como instrumento.

Veremos como as artes visuais se relacionan coas artes escénicas e de que xeito unha acción pode ser unha obra de arte, e viceversa.